



CONCELLO DE REDONDELA

**ACTA DO CONSELLO PARROQUIAL DO VISO
XUNTANZA ORDINARIA 22 DE MARZO DE 2016.**

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación acta sesión do 22/09/2015 por falta de Quorum na sesión do 10/12/2015.
- 2.- Aprobación acta sesión anterior (de 10/12/2015).
- 3.- Nomeamento de un Representante do consello parroquial e suplente para a Comisión de regulamento dos Consellos Parroquiais.
- 4.- Orzamentos Participativos 2016.
- 5.- Rogos e Preguntas.

No antigo Preescolar do Viso, sendo as vinte horas e dez minutos, do día vintedous de marzo de dous mil dezaseis, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Adelina Couñago Lara, representante do Partido Popular
- Jose Bernardo Crespo Abal, representante de AER

- Manuel Freire Collazo, representante das asociacións veciñais
- *M^a Jose Acevedo Santoro, representante das asociacións veciñais
- Jose Nuñez Iglesias, representante das asociacións veciñais.
- Carmen Sobral Soto en substitución de Maria Nieves Sobral Pazo, representante das asociacións veciñais.

- Soledad Vidal Dasilva, representante das asociacións culturais
- Fernando Veiga Estévez, representante das comunidades de montes
- Alberto Couñago Castellano, representante das comunidades de augas

Comparece a esta reunión do Consello, a Concelleira de Comercio, Consumo , Ensino, Igualdade e Sanidade, Dona M^a Teresa París Blanco.

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de María Jose Barciela Barros, e asistidos/as de min, Miguel Angel Míguez Novelle, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial do Viso convocada para o día de hoxe.



CONCELLO DE REDONDELA

Pola Presidencia, declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar a Orde do Día.

(5.7) Por parte da Concelleira de Igualdade, Dona M^a Teresa París Blanco pasa a expoñer (con respecto a aclaración o punto 7 do escrito de asuntos a tratar neste Concello Parroquial con data de entrada no Rexistro municipal do 18/03/2016, sobre o tema: Ludoteca de verán e Nadal para a parroquia do Viso) o proceso de organización e selección que se sigue para as Ludotecas de verán e Nadal organizadas polo Concello.

Indica que este plan de Conciliación mediante Ludotecas é un plan municipal, que non parroquial, e explica que se sigue un proceso de selección de centros onde se poden celebrar esta actividade, e recorda que na parroquia do Viso se realizou esta actividade durante 2 anos neste local do antigo preescolar do Viso, pero que se considera un local pouco axeitado e perigoso para os nenos pola cercanía a estrada. Dí que non se realiza convocatoria para esta parroquia por ningún outro motivo e ademais non se incribiu (cando se convocou) o número de nenos mínimo que se requiría neste local.

Soledad Vidal Dasilva pregunta si se podria trasladar o local social de Saramagoso

M^a Teresa París Blanco afirma que si xunta o número de nenos mínimo para futuras convocatorias, non tendría problema en que volverá a ofertarse un local na parroquia do Viso para celebrar esta actividade.

Manuel Freire Collazo preguntalle como se publicitaron estas actividades, xa que no colexio de Cesantes sempre lle contestan que non teñen información deste tipo actividades.

M^a Teresa París Blanco informa que estas convocatorias publícanse na Web municipal, comunícanse os distintos colexios e Anpas, as diversas asociacións de mulleres e outros colectivos.

Alberto Couñago Castellano pregunta polos criterios de selección para esta actividade, porque sempre queda na lista de reserva.

M^a Teresa París Blanco, indica que o criterio que se segue é o de orde de presentación da inscrición no Rexistro municipal, e que se pode investigar os datos de cada neno e en que orde quedou nas listas das distintas convocatorias.

Manuel Freire Collazo, tamén pregunta con que antelación se comunican estas convocatorias.



CONCELLO DE REDONDELA

M^a Teresa París Blanco dí que sempre se comunican con dúas semanas de antelación o inicio da actividade, e que insiste, que se compromete a incorporar un local na parroquia do Viso sempre e cando exista un número mínimo de 10 ou 15 nenos para asistir, pero tamén recorda que existe libre elección de local onde inscribir os nenos, sen ter que pertencer a esta parroquia obrigatoriamente.

Recorda que a mediados de xuño se iniciarán os tramites de cara a organización da ludoteca de verán.

Discútese entre os asistentes a idoneidade de un local ou outro para celebrar dita actividade, tamén informa a concelleira que se esta estudando un cambio nos criterios de selección, incluíndo conceptos como conciliación, persoas dependentes ou renda. Nembargantes recorda que o contrato coa adxudicataria actual expira o ano que ven, polo tanto non se pode incrementar nin horarios nin número de nenos para actividades realizadas pola adxudicataria actual.

1.- Aprobación acta sesión do 22/09/2015 por falta de Quórum na sesión do 10/12/2015

Sométese a votación a acta do Consello Parroquial ordinario celebrado en data 22.09.2015.

Non existindo rectificacións a acta queda aprobada pola maioría das/os membros asistentes á xuntanza.

2.- Aprobación acta sesión anterior (de 10/12/2015).

Sométese a votación a acta do Consello Parroquial ordinario celebrado en data 10.12.2015.

Por parte de Alberto Couñago Castellano, require a corrección da súa intervención do paragrafo 5º do punto 6, incluíndo a palabra enchufismo, que era o que pretendía dicir.

Quedando o dito paragrafo da seguinte maneira:

“Alberto Couñago Castellano, comenta ao respecto que se deberían cambiar os criterios de selección dos nenos nos listados de admitidos de ditas prazas de ludoteca, xa que a simple orden de presentación de solicitudes vai en perxucio das familias das parroquias, e *evitar enchufismos*”.



CONCELLO DE REDONDELA

Non existindo rectificacións a acta queda aprobada pola maioría das/os membros asistentes á xuntanza coa abstención do representante de AER (Jose B. Crespo Abal), por non asistir a dita sesión.

3.- Nomeamento de un Representante do consello parroquial e suplente para a Comisión de Regulamento dos Consellos Parroquiais.

Acórdase designar como representante do Consello Parroquial do Viso para a citada comisión a Don Manuel Freire Collazo e como suplente a don Fernando Veiga Estévez, coa abtención do representante de AER, Jose B. Crespo Abal.

4.- Orzamentos Participativos 2016.

Indicase que en principio(ante a anulación dos orzamentos participativos 2015) retomaranse as mesmas actuacións acordadas a tal efecto, para este exercicio 2016, que serán:

- a) Canalización augas en Soutexuste, na zona Cmño.Moreira-Tomada
- b) Canalización augas no Camiño do Castro, Saramagoso
- c) Barandilla na Camiño da Ribeira na parte de abaixo do Restaurante Antón, Soutexuste

A presidenta somete a proposta a votación, sendo aprobada por unanimidade.

* Sendo as 20:43 presentase M^a Jose Acevedo Santoro, representante das asociacións veciñais.

5.- Rogos e Preguntas.

Pásanse a tratar os puntos do escrito presentado o 18/03/206 polo rexistro entrada.

5.1 Revisión de Topónimos: A Presidenta indica que non foi informada de que placas de nomes de camiños, están en mal estado ou coas letras borradas, citándose entre outras polos asistentes o da Estrada da Nogueiriña, ou a do Camiño da fonte de Saramagoso.



CONCELLO DE REDONDELA

Fernando Veiga Estevez, indica que si se lle facilita un plano da parroquia do Viso, indicarlíalle nun breve prazo de tempo onde se atoparían as placas de rúas ou camiños deterioradas.

5.2 Espello Nogueira camiño do monte : A Presidenta pregunta onde se atopa exactamente este espello, para verificar que se encontra en mal estado.

5.3 Soportes contenedores: Fernando Veiga Estevez informa que faltan soportes para contenedores no cruce da Nogueiriña e na curva da Subida a Gandara, entre outros.

5.4 Alumeado do cruce de San Martiño cruce das Patelas: A presidenta informa que o alumados públicos son para vías municipais e preferentemente en zonas urbanizadas, pero que non se aluman tódolos camiños que cruzan zonas deshabitadas ou monte

5.5 Solicitud de terreo aparcadoiro colexio coa Deputación: A Presidenta informa que consultado o tema en Fomento non se atopa ningún documento que informe da expropiación do terreo citado.

Acordase solicitar por escrito dita información, que parece foi comunicada de palabra o concelleiro Arturo González Barbeito (anterior concelleiro de urbanismo).

5.6 Información das axudas da Deputación: A Presidenta pregunta a que se refire este punto, que polas informacións que lle chegan, parece ser que este ano non se van convocar este tipo de subvencións por parte da Deputación.

5.7 Ludoteca de verán e nadal para a parroquia do Viso: xa tratado pola comparecencia o inicio da Sesión da Concelleira de ensino e igualdade M^aTeresa Paris Blanco.

5.8 Estado e reposición do muro camiño carreteira: A presidenta informa do estado da tramitación deste asunto, indicando que estes danos se incorporaron ó expediente de danos das inundacións aportados para posibles subvencións neste sentido. Pero que esta actuación se levará a cabo anticipadamente por parte do Concello polo perigo do se estado.

Manuel Freire Collazo require que se sinala a situación de perigo deste camiño con certa antelación, polo perigo que supón para o tráfico, con unha sinal de "camiño cortado" ou similar.

5.9 Explicacións porque se cortou o plataneiro no parque da Nogueira: A presidenta explica o proceso polo que procedeu a cortar o plataneiro, que segundo a información que lle pasaron os xardineiros, durante uns traballos de poda realizaron o corte do plataneiro por decisión dos mesmos.



CONCELLO DE REDONDELA

Alberto Couñago Castellano pregunta polo perigo que supón un eucalipto situado no mesmo parque da Nogueira con respecto os cables que pasan por alí.

A presidenta informa que segundo as xestións realizadas para averiguar a titularidade do terreo onde se atopa dito eucalipto (incluído informes da policía local ó respecto), este se atopa en terreos da asociación de veciños.

Manuel Freire Collazo, di que si isto é así, que se amplíe o parque infantil para este terreo.

De todas formas non se acaba de aclarar a titularidade do terreo, para proceder a cortar dito eucalipto, ante a perigosidade que supón.

Alberto Couñago Castellano volve a preguntar si o plataneiro se cortou por decisión da propia concelleira; Adelina Couñago Lara pregunta don de foi a parar a leña derivada do corte dese plataneiro.

Discútese entre os asistentes o procedemento de mantemento e poda de arbores dos xardíns.

M^a Jose Acevedo Santoro recorda un suceso similar que paso coas plantas do talude de dito parque infantil, así como o servizo que daba dito plataneiro de sombra para os nenos que van o parque, solicitando si este plataneiro cortado se pode substituir pola plantación de outra arbore para dar sombra nun futuro nese mesmo parque infantil

Manuel Freire Collazo discute a decisión de como un xardineiro pode tomar a decisión de cortar unha arbore, por si mesmo.

A presidente recorda a dificultade que supón o mantemento de poda e mantemento do talude.

5.10 Solicitud para pintar as zoas peonís no Viso: A presidenta informa que a solicitude destes traballos xa esta comunicada a Deputación provincial (titular desta estrada).

5.11 Tajea feita na baixada na Nogueira debaixo de Carpintero: A Presidenta informa do estado en que se atopan o proceso desta obra. Informa que esta repisando a zahorra que se votou, así da existencia de un tubo de desauge roto a uns 4 metros de profundidade.

5.12 Estado e situación A-59: A Presidenta informa que este proxecto está parado



CONCELLO DE REDONDELA

Manuel Freire Collazo solicita que esta decisión se solicite por escrito.

M^a Jose Acevedo Santoro indica que lle chegaron informacións de que esta opción non se atopa de todo descartada (A-59) en lugar da opción definitiva da A-57.

5.13 Prohibición do tránsito pesado na estrada do Viso: A presidenta informa que esta solicitada a sinalización desta prohibición.

Soledad Vidal Dasilva pregunta o porque da dificultade de instalación desta sinalización, cando existen sinais similares en estradas de categoría inferior.

Solicitan averiguar a decisión do voto negativo do grupo do PP na Deputación ante a moción presentada na Deputación neste sentido.

5.14 Estado saneamento Soutoxusto e Val do muíño a Nogueiriña: A presidenta informa que xa se informou os veciños de Soutoxusto da obras de saneamento alí realizadas.

En canto o saneamento do Val do muíño a Nogueira, informa que se esta pendente de aclarar a titularidade de parte dos terreos para realizar esta obra. A presidenta informa dos tramites realizados neste sentido e do tema por resolver de por onde darlle saída a este saneamento.

Outros: Soledad Vidal Dasilva solicita se realice a obra de impermeabilización da fachada sur do local do antigo preescolar do Viso, ante os problemas de humidade existentes.

Tamén se solicita que se repoña o foco situado na parte dianteira deste local de preescolar do Viso, así como instalar haloxenos na aula de pandeireiras.

Jose Nuñez Iglesias preséntalle a presidenta un escrito recordatorio dos traballos pendentes relativos a Soutexuste.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinteunha horas e corenta minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretario do Consello, DOU FE.

[Aprobada definitivamente en sesión C.Parroquial do 25/10/2016](#)